



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA
A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO PROGRAMA
OPERATIVO ESTATAL DE INCLUSIÓN SOCIAL Y ECONOMÍA
SOCIAL 2014-2020 DO FONDO SOCIAL EUROPEO**

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte:

D^a Fabiola Garcia Martínez, conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 98/2018, do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.



Doutra parte:

D. Isidro Juan Rodríguez Hernández, que actúa en nome e representación da Fundación Secretariado Gitano en virtude do poder outorgado ante a Notaría do Ilustre Colexio de Castela e León, Carmen Ana Vázquez Arias, o 9 de maio de 2017, con número de protocolo 796, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza o 15 de novembro de 2018.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto





EXPOÑEN

I.-Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

II.-Que en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

III.-A súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

IV.-Do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

V.-A Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, prevé na partida orzamentaria 13.03.313C.481.0 un importe de 65.920,00 € de fondos propios para financiar programas de servizos sociais e comunitarios.





VI.-Que, en virtude do establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, á Consellería de Política Social correspóndelle as competencias correspondentes en materia de benestar e inclusión social e, particularmente, a atención ás minorías étnicas.

VII.-As partes coinciden en que a situación das minorías étnicas con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da educación, formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social, segundo as directrices establecidas na Estratexia de Inclusión Social de Poboación Gitana en Galicia enmarcada na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020.

VIII.-Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2014-2020 no marco do Programa Operativo de Inclusión Social 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario a Fundación a través da Resolución 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) de 5 de xaneiro de 2016 para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridade de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marxinadas tales como a poboación romaní, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio.

Para o ano 2019 en Galicia o programa esta dotado por unha contía de 866.013,26 €, dos cales 705.705,46 € proceden de FSE e o resto teñen que proceder de outras fontes de financiación.

A Fundación Secretariado Gitano esta inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número E-1729

IX.-A Consellería Política Social, unha vez establecidas as prioridades en materia de inclusión social, considera de interese continuar contribuíndo a completar a dotación que a Fundación Secretariado Gitano recibe do Fondo Social Europeo para que desenvolver as actuacións previstas en Galicia no proxecto Itinerarios, a





través dun convenio coa entidade. A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de non existir outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe con este colectivo prestándolle a atención profesionalizada que esixe nun ámbito territorial tan extenso. Neste senso sinalar que, por un lado, a Consellería de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia..

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, co fin de actuar conxuntamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

1. É obxecto do presente convenio a concesión por parte da Consellería de Política Social dunha subvención para a realización por parte da Fundación Secretariado Gitano do desenvolvemento de accións dirixidas ás minorías étnicas coa finalidade de promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación, no marco do Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2014-2020.

2. Para o desenvolvemento das accións obxecto do convenio a Fundación Secretariado Xitano desenvolverá un programa de actuación ITINERARIOS INTEGRADOS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL PARA A POBOACIÓN XITANA e INCORPORACIÓN DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA, APOIO E REFORZO ESCOLAR, que versará especialmente sobre materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións





de sensibilización dirixidas a empresarios, entes públicos e estudos e metodoloxías para aplicar aos programas. A Fundación Secretariado Gitano desenvolverá as seguintes actuacións:

- a) Mantemento de cinco dispositivos de intervención, coa finalidade de realizar accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso de minorías étnicas, preferentemente á formación e ao emprego. Estes dispositivos estarán situados nos concellos de A Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela e atenderán á poboación destes concellos así como a súa área de influencia.
- b) Desenvolvemento de accións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas con estas comunidades. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades que traballan directamente con estes colectivos, tanto concellos como entidades de iniciativa social.
- c) Desenvolvemento de actuacións que aseguren unha oferta axeitada de servizos que reforcen a prevención do abandono escolar prematuro e que favorezan unhas taxas máis elevadas de finalización na Educación Secundaria Obrigatoria para o futuro da incorporación laboral da poboación xitana.



3. A intervención perseguirá como obxectivo común das accións a mellora da capacidade de inserción e incorporación das minorías étnicas no mercado de traballo e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma. Así mesmo son obxectivos xerais deste convenio:

- a) A inserción de persoas xoves desempregadas e en situación de exclusión social, con relevancia dos xoves entre dezaseis e vinte e cinco anos.
- b) Fomento dos servizos de proximidade e os empregos e ocupacións vinculadas a estas actividades que poidan repercutir na mellora das condicións de vida destes colectivos.
- c) A capacitación dos beneficiarios nunha profesión ou oficio.
- d) A inserción laboral dos beneficiarios a través do adestramento en habilidades e técnicas de busca de emprego.





SEGUNDA: Orzamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social achegará a cantidade de sesenta e cinco mil, novecentos vinte euros (65.920,00.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.313C.481.0 da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2019, cubrindo os seguintes gastos:

Gastos de Persoal: 59.588,95 €.

Gastos de Mantemento: 4.473,33 €.

Gastos en Actividades:..... 1.857,72 €.

Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Dirección Xeral de Inclusión Social cando esta estime que estas non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.



TERCEIRA: Gastos subvencionables

Poderán financiarse con cargo a este convenio os seguintes gastos:

1.1 Gastos do persoal.

1.1.1.- Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das accións: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas coa operación subvencionada e que, polo tanto, desenvolvan funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación da operación, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da operación ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias ao proxecto en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos





correspondentes partes de traballo. Así mesmo, poderá adoptar as seguintes formas:

a) Traballadores contratados pola entidade: Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

b) Traballadores por conta propia contratados pola entidade: Consideraranse gastos subcontractados e seralles será de aplicación o límite máximo para estes gastos establecido no artigo 27 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

1.1.2.- Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento da operación, pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos esixirá a prorrata á operación con arranxo a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización dos gastos en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

1.1.3.- As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

1.2 Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade: comprenderán gastos do aluguer debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado á operación, gastos de material e outros necesarios para execución da actividade. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente á operación e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables á operación a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á





derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada.

CUARTA.- Subcontratación

Está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial da actuación/funcionamento que constitúe o obxecto da subvención. O beneficiario poderá subcontratar ata un límite máximo do 20% do importe da actuación subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a necesidade da mesma. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actuación subvencionada.

Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrência, estando os subcontratistas obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas.


QUINTA: Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

SEXTA: Obrigas da Fundación Secretariado Gitano

A Fundación Secretariado Gitano, con suxeición á normativa aplicable e aos termos do convenio comprométese a cumprir todos os requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e en especial:

- a) Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio.



77



b) Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.

En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Política Social poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles esta información agás oposición expresa da Fundación Secretariado Gitano si é o caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención: certificado de estar o corrente no cumprimento das obrigas tributarias expedido pola Axencia Tributaria o fronte a Seguridade Social, expedido pola Tesoureira Xeral da Seguridade Social e non ter pendente de pago algunha debida coa Administración pública da comunidade autónoma, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda



c) Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

d) Non difundir calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.

e) Adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos relativos á execución das accións así como os instrumentos xustificativos do gasto a Lei 9/2007, do 13 de xuño e á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega a través da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020, sen prexuízo das restantes obrigas de





información e publicidade que se deriven do financiamento comunitario das accións obxecto de cofinanciación.

g) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

h). Para asegurar o cumprimento das accións establecidas a Fundación Secretariado Gitano emitirá, coa periodicidade que sexa requirido, un informe que reflicta o grao de execución das mesmas.

i) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.

j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control.

k) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia e consistirá na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia e lenda alusiva ao financiamento do programa por parte desta en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo





que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

m) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

SÉTIMA: Xustificación

A xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro adoptará a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados ao efecto. Esta conta xustificativa conterá:

1. Certificación do órgano que teña atribuída na devandita entidade as correspondentes facultades de control, xunto cunha relación dos gastos comprendidos en dita certificación. A estes documentos acompañarase:

1.1 No caso de gastos de persoal, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retención do imposto da renda sobre as persoas físicas, así como, dos documentos xustificativos dos pagos. Nos gastos de persoal incluírase os gastos en que podan incurrir de persoal de carácter directo, traballadores contratados pola entidade o por conta propia, e os gastos de persoal de carácter indirecto, que non teñen vinculación directa co desenvolvemento da operación, pero que resulten necesario para a súa realización, que de acordo coa cláusula cuarta do convenio poden ser financiados.

1.2 No caso de xustificarse gastos doutra natureza, o axudas de custo de viaxe, previstos na cláusula cuarta, xuntaranse as correspondentes facturas ou documento contable de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento. As facturas deberán cumprir o disposto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En todo caso,





tanto as facturas como calquera documento acreditativo que figure e se acompañe na relación, deberán vir acompañadas dos documentos acreditativos de ter realizados os pagos do correspondente gasto, debendo cumprir os requisitos establecidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aceptándose a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor ou beneficiario, sempre que o importe sexa inferior a 1.000,00 €.

1.3 As actuacións que se subvencionan con cargo a este convenio comprenderán gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do ano 2019, establecéndose o 30 de novembro como a data última que se considerará como límite para a súa xustificación aos efectos do artigo 40.1 f do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, reservándose a Comunidade Autónoma a posibilidade de esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de cerramento do exercicio 2019. Como regra xeral, a acreditación do pagamento esixírase, en todo caso, para facer efectivos os pagamentos.



OITAVA: Pagamento

Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante pagamentos a conta da liquidación definitiva a medida en que a Fundación Secretariado Gitano, xustifique os gastos realizados na forma prevista anteriormente.

Antes de facer efectivo o 20% restante a Fundación Secretariado Gitano, amais da conta xustificativa con xustificantes de gasto establecida no punto anterior, deberá presentar:

1. Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





3. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto obxecto deste convenio) das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos.

NOVENA: Compatibilidade

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

DÉCIMA: Seguimento e avaliación

Créase unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social e por dous representantes da Fundación Secretariado Gitano.

O réxime xurídico desta Comisión adecuarase o previsto na lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta Comisión Mixta presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirase cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio.





O secretario será un dos representantes da Fundación Secretariado Xitano membros da Comisión.

DÉCIMO PRIMEIRA: Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- b) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, o que dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas mais os seus xuros de mora.

Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da lei 9/2007 de 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



DÉCIMO SEGUNDA: Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando sumadas o importe do convenio superen o custo total da actividade, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA: Duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, entendendo os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2019, con vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante o anterior, o período de xustificación de gastos comprenderá dende 1 de xaneiro ata 30 de setembro de 2019.





DÉCIMO CUARTA: Carácter administrativo do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e aplicaranse a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran xurdir, a lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a lei 9/2007, do 13 de xuño .

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Segundo o previsto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas polo Conselleiro de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra eles recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes de ser expreso, no caso de acto no fora expreso poderá interpoñerse recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de





DÉCIMO QUINTA: Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Como beneficiaria de subvención ao abeiro deste convenio, a Fundación Secretariado Xitano obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO SEXTA: Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da





xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da BDNS, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5





de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

Asdo.: Fabiola García Martínez

O DIRECTOR DA FUNDACIÓN
SECRETARIADO GITANO

Asdo.: Isidro Juan Rodríguez Hernández